

2002 febreiro



BANDA DESEÑADA 6.0

Xornadas de BD BANDA / CIDADE DE PONTEVEDRA

AUTOPUBLICACIÓN DE BD EN GALICIA

Charla do xoves 20 de decembro de 2001

[culturagalega.org](http://www.culturagalega.org) / <http://www.culturagalega.org>



BANDA DESEÑADA 6.0

Xornadas de BD Banda / Cidade de Pontevedra

Autopublicación de cómic en Galicia

Charla do xoves 20 de decembro de 2001

Nun ambiente distendido transcorreu a mesa redonda “A autopublicación de cómic en Galicia” co gallo das I^{as} Xornadas BD Banda / Cidade de Pontevedra. Kike Benlloch, coordinador da Polaqa, e Kiko Da Silva, director de BD Banda, departiron animadamente, entre eles e co público. Polaqa é un colectivo de autores galegos de Banda Deseñada formado por Kike Benlloch, Bernal Prieto, Jano Viñuela, David Rubín, Alberto Vázquez e Diego Blanco. BD Banda é a única revista galega de cómic, orientada a un público xuvenil e adulto.

Máis que unha conferencia de Da Silva e Benlloch, tratouse dunha charla aberta na que participaron diversos membros da concurrencia, entre os que se contaban Cano (dono da librería pontevedresa Paz e tamén promotor de BD Banda), xunto cos “polaqos” Diego, Bernal, Jano e Alberto Vázquez, e Adrián López (de MundoFreak.Com).

O tema que convocaba a esta serie de creadores era a autopublicación en Galicia, e o por que das respecti-

vas iniciativas. Kike Benlloch comezou por subliñar a importancia de BD Banda, por canto o xulgo “un proxecto aberto que permite aos autores galegos publicar na nosa lingua”. Engadiu que “estamos nun medio subdesenvolvido, nun país que o descoñece por completo, e aínda por enriba arriscarse a promover nunha lingua minorizada é para sacarlle o sombreiro”.

Da Silva e Benlloch coincidiron en definir ambos proxectos como moi distintos. “Polaqa é como un grupo de rock and roll”, comparou Benlloch, “simplemente un conxunto de amigos que se xuntan para tocar. Se despois iso trascende, mellor que mellor, pero o pracer de traballar e crear xa está aí”.

Da Silva opinou que “o que facemos en BD Banda e en Polaqa está moi ben, pero non deixa de fundamentarse no voluntarismo dun número de autores. Máis tarde o máis cedo todos acabando casando, ou tendo familia, con responsabilidades ou o que sexa.

Fai falta unha iniciativa máis sólida e profesional”.



A preguntas de Benlloch de se el consideraba que iso pasaba pola constitución dunha editora galega de BD, Da Silva contestou afirmativamente, e remitiu á audiencia ó exemplo de Kalandraka: “uns amigos que tiñan un grupo de teatro e que un día, sen seren expertos en labores de edición, se deciden a embarcarse nunha aposta arriscada; montar unha editora edificada sobre unha filosofía moi profesional e sobre a selección coidada de materiais de calidade”. Benlloch contestou que “non podes dedicarte a fabricar o produto e a vendelo. Eu son guionista, quero fabricar o produto, e que outros se encarguen de publicitalo, imprimilo e distribuílo. En BD Banda e Polaquia facémolo todo porque este non é un medio normalizado, pero non debería ser así. Por iso nas empresas existe a figura do comercial”.

Falouse despois da contribución do erario público ás iniciativas culturais. “O concepto de autoedición dilúese canta máis presenza haxa das institucións na decisión de contidos, por iso Polaquia é totalmente libre, pasamos completamente de subvencións e problemas de control político”. Os participantes lembraron a este respecto a imposibilidade de que o segundo número de “Elipse” chegase a ser editado por problemas dos poderes públicos con algúns dos contidos da revista. Os dous autores concordaron en criticar que “a estas alturas da historia haxa censura deste calado”. “Ás veces parece que os políticos pensan que os lectores de BD son parvos”, dixo Kiko Da Silva. Neste sentido, tamén criticou os tópicos que seguen lastrando o cómic como medio válido: “Séguese espallando a idea de que o cómic é só para nenos e adolescentes, como se non houberse nada máis que Mortadelo”. Desde o público, Jano

Viñuela comentou que a ese tipo de comentarios, el contestaba que a ninguén se lle ocurría mencionar a Corín Tellado entrevistando a un escritor. “É unha cuestión de simple ignorancia”, apuntou Benlloch.

Da Silva cuestionouse acerca das causas da diferenza de actitudes, consumo e coñecemento da BD nun mercado como o francobelga fronte ó español ou galego. Kike Benlloch opinou que “en parte se debe ó compromiso das institucións culturais. Aínda que pareza paradóxico, o paradigma da autopublicación e da independencia en Europa, L’Association, leva anos recibindo diñeiro público a través do Centre National du Livre [www.centrenationaldulivre.fr]. As axudas cando non hipotecan a liberdade creativa, non teñen por que ser malas; de feito, para iso se supón que están os estamentos culturais que pagamos cos nosos impostos”.

Estableceu ademais unha analogía co mundo da cinematografía: “Os grandes éxitos recentes do cine francés como ‘O pacto dos lobos’ ou ‘Amélie’ non son casualidade. É crucial que todas as producións hollywoodenses proxectadas en Francia financian o propio cine francés a través dunha cuota. Eles téñeno claro: ¿cal é a forma óptima de promocionar a cultura propia fronte á ‘invasión’ anglosaxona? Pois potenciando aquelas disciplinas nas que a súa cultura é forte. E a BD éo, e as súas institucións actúan en consecuencia sen mediatizar o desenvolvemento libre da creación”.

quen é quen....



Polaqia (A Coruña, agosto de 2001)

é un colectivo de autores galegos de BD: David Rubín, Alberto Vázquez, Bernal Prieto, Jano Viñuela, Diego Blanco e Kike Benlloch (coordinador). Un álbum publicado: "Mmmh!!"

<http://www.polaqia.com>.



BD Banda (Pontevedra, maio de 2001)

é unha revista de BD en galego, que publica autores galegos e de fóra. Conta cun número extensísimo de colaboradores e está dirixida por Kiko da Silva. A páxina web estase facendo. 2 números publicados: maio de 2001 e decembro de 2001.

